



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura e espectáculo	Código	613484008	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura en relación coas diferentes manifestacións escénicas: teatro, danza, música, cine, festa. Relacións entre texto e artes escénicas. Discursos en que se relacionan literatura e espectáculo. Recursos e métodos para a investigación interdisciplinar.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer as relacións entre a literatura e o teatro, o audiovisual, a música e a danza a través da historia e en contextos culturais diversos.	AM1 AM2 AM4 AM7	BM4 BM5 BM8	CM4 CM5 CM7 CM8
Coñecer os principais focos de información e de reflexión teórica relativas aos estudos das relacións entre a literatura e as producións espectaculares e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico	AM1 AM2 AM6 AM8 AM10 AM12	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6	CM2 CM3 CM6 CM7 CM8
Saber empregar a rede informática na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, adquirir a capacidade de utilizar as ferramentas TIC necesarias para o exercicio profesional e investigador	AM7 AM11 AM13	BM1 BM4 BM6 BM8 BM9	CM3 CM4 CM5 CM6 CM7
Deseñar e realizar un traballo de investigación orixinal, rigoroso e de extensión limitada en que se analicen as relacións de certos produtos espectaculares coa literatura, pondo en relación os estudos literarios con contextos culturais diversos.	AM3 AM6 AM10	BM1 BM7 BM8 BM9	CM6 CM8
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.	AM2 AM10 AM13	BM1 BM4 BM5 BM9	CM3 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Literatura e teatro	1.1. Teatralidade. Relacións texto-espectáculo 1.2. Novas perspectivas nos estudos teatrais: aproximacións semiótica, antropolóxica, pragmática e da recepción aplicadas ao texto dramático e ao espectáculo 1.3. O dramaturxista: tipoloxía e funcións 1.4. Narradores e poetas performativos. Estratexias performativas de identidade cultural. 1.4. Dous pólos extremos: O happening como superación do texto e a "non-encenação" de Claude Régy
2. Literatura e audiovisual	2.1. Transposicións narrativas e dramáticas ao cinema. As adaptacións. 2.2. O roteiro cinematográfico 2.3. Fontes literarias na televisión: series e "TV movies" a partir da literatura 2.4. O videoxogo e o imaxinario literario
3. Música, danza e literatura	3.1. Chico Buarque, Leonard Cohen e Bob Dylan contemplados desde a literatura 3.2. Canónicos e marxinalizados en relación coa danza

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	7	5	12
Traballos tutelados	0	24	24
Presentación oral	2	3	5
Lecturas	0	20	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	2	2	4
Sesión maxistral	10	0	10
Atención personalizada	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Os alumnos participarán ?presencialmente ou através do espazo de traballo colaborativo en liña? en discusións dirixidas polo profesor, sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións coa lectura de artigos especializados.
Traballos tutelados	O alumnado realizará individualmente un traballo de investigación -orixinal, rigoroso e de extensión limitada-, ora de adaptación dramaturxica, ora de análise da adaptación ao audiovisual dun texto literario. Nas primeiras sesións serán determinadas tanto a data de comunicación do tema e ponderación co profesor e os compañeiros das estratexias de elaboración -nun espazo de traballo colaborativo en liña-, como a de incorporación ao espazo virtual colaborativo da versión definitiva.
Presentación oral	Destinaranse as sesións presenciais pertinentes á presentación oral dos traballos individuais tutelados, destinando uns minutos ás preguntas e retroalimentación do mesmo por parte dos compañeiros.
Lecturas	Será preciso realizar nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a elaboración do traballo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Acompañarase, presencialmente ou através de ferramentas de comunicación asíncrona, eventos científicos e divulgativos relacionados cos contidos da materia.
Sesión maxistral	O alumnado deberá asistir ás aulas teóricas presenciais en que o profesor presentará conceptos e estratexias que posteriormente se desenvolverán nas sesións prácticas e cuxo coñecemento será exigido para a superación do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Traballos tutelados Presentación oral Eventos científicos e/ou divulgativos	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A participación activa e con argumentos madurecidos e criativos nas discusións dirixidas presenciais ou asíncronas representará o 20% da cualificación final.	25
Traballos tutelados	O traballo invidual representará o 45% da cualificación final. Terase en conta a ponderación co profesor e os compañeiros de tema e fontes (10%), que será recíproca, isto é escoitará o que se lle di da súa elección e el/ela mesmo/a ponderará ás dos compañeiros/as; a presentación dentro dos prazos (5%), e a calidade do mesmo (30%).	45
Presentación oral	Serán avaliadas tanto a presentación oral do traballo tutelado (5%) como a participación retroalimentadora nos outros traballos (5%).	10



Lecturas	As lecturas avaliaranse através do traballo individual tutelado e da incorporación madurecida dos seus contidos tanto ás discusións dirixidas como aos comentarios retroalimentadores dos traballos dos compañeiros realizados no espazo de traballo colaborativo en liña. Tamén será posíbel realizar de informes madurecidos de lectura.	20
----------	---	----

Observacións avaliación

Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado.

O alumnado de ensino semipresencial ou con dispensa académica deberá acompañar o curso a través das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso.

En xullo o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Valverde, A. (2004). "A performance en Rompente", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2004, 96-105.. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Zavala, Lauro (). "Cine y literatura. Puentes, analogías y extrapolaciones", en Razón y Palabra nº 71.
- Lehmann, H-T (1999). "El teatro postdramático: una introducción", Posdramatisches Theater (traduc. de Paula Riva), Telondefondo nº12-diciembre 2010.
- Ubersfeld, Anne (1997). "La escena y el texto", en La escuela del Espectador, 20-58. Madrid: Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España
- Alonso de Santos, José Luis (2007). "Las reglas de la teatralidad" e "La recepción teatral", en Manual de Teoría y Práctica Teatral, 165-194 e 519-545. Madrid: Castalia
- Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 593-613.. Vigo: Xerais
- Alonso, S. (2004). "Literatura e música (A Chanson espagnole de Maurice Ravel: harmonización dunha canción galega)", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 493-508.. Vigo: Xerais
- Pavis, Patrice (2010 (2007)). "Nas fronteiras da encenação" e "Encenação, Performance: Qual é a diferença?", en A Encenação Contemporânea, 25-59.. São Paulo: Perspectiva
- Bermúdez, S. (2002). "O capital simbólico das literaturas subalternas: a poesía galega no serodio século XX", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002, 201-208.. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Abuín, A. (2006). "Performance y textualidad", Escenarios del caos, 151-157.. Valencia: Tirant Lo Blanch
- Biscainho Fernandes, C. C. (2004). Capítulos V, VI, IX e X de Conformingo o brinquedo, 53-73 e 97-125. A Coruña: Deputación Provincial
- Tenschert, Bataillon, Dort e Raoul-Davis (2003). Questões de Dramaturgia I. Lisboa: Escola Superior de Teatro e Cinema
- Sullà, Enric (2001). "Literatura comparada: las relaciones entre la literatura y el cine?", en Pulido Tirado, Genara (ed.) Literatura y arte: actas del IV Seminario del Aula de Literatura Comparada de la Universidad de Jaén. Jaén: Universidad de Jaén



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - (1999). "A propósito de Guy Debord y la crítica situacionista del espectáculo", en Archipiélago cuadernos de crítica de la cultura n. 39, 87-115. Castelldefels: Pamiela - Trancón, S. (2006). "Componentes básicos del teatro", en Teoría del Teatro, 151-253. Madrid: Editorial Fundamentos - Schechner, Richard (1988). "Drama, script, theater and performance", en Performance Theory. New York: Routledge - Gil, A. J. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 593-613. Vigo: Xerais - Abuín González e Rodríguez González (2004). "Literatura e cinema: recreacións fílmicas e transferencias culturais", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 569-591. Vigo: Xerais - Abuín González, A. e A. Casas (2004). "O texto espectacular", en Casas (coord.) Elementos de crítica literaria, 415- 470. Vigo: Xerais - Creton, L., Palmer, M. e Sarrazac J-P (dir.) (2005). Arts du spectacle, métiers et industries culturelles: penser la généalogie. Paris: Presses Sorbonne nouvelle - Sánchez Noriega, J. L. (2000). De la literatura al cine. Barcelona: Paidós - Pavis, Patrice (1983). Diccionario del Teatro. Dramaturgia, estética, semiología. Barcelona: Paidós - Becerra de Becerreá, Afonso (2007). Dramaturxia. Teoría e práctica. Vigo: Galaxia - McKee, R. (2002). El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones. Barcelona: Alba - Alemany Ferrer e Chico Rico (eds.) (2012). Literatura i espectacle / Literatura y espectáculo. Alacant: Universitat de Alacant - Alonso de Santos, José Luis (2007). Manual de Teoría y Práctica Teatral. Madrid: Castalia - Sarrazac, Jean-Pierre (2003). O futuro do drama. Porto: Campo das Letras - Schechner, Richard (2006 [2002]). Performance Studies. New York: Routledge - Carlson, Marvin (2005). Performance: unha introdución crítica. Vigo: Galaxia - Ubersfeld, Anne (1993). Semiótica Teatral. Madrid: Cátedra / Universidad de Murcia - Cabo Aseguinolaza e Rábade Villar (2006). Teoría del teatro", en Manual de Teoría de la Literatura, 315-373. Madrid: Castalia Universidad - Werneck et alii (2009). Texto e imagem: estudos de teatro. Rio de Janeiro: 7 letras - Hormigón, J. A. (1991). "Dramaturgia y trabajo dramático", Trabajo dramático y puesta en escena. 31-58.. Madrid: Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España - Rábade Villar, M. do C. (2006). "O personaxe como categoría transversal do comparatismo. De Ofelia a Marilyn Monroe", en Boletín Galego de Literatura 33. 135-157.. - Abuín, Ángel (1996). "Para una teoría de la puesta en escena. Hermenéutica y transformación de un texto literario", Tropelías 5/6, 1994-1995, pp. 5-15.
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías